



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Blanco Pesqueira, Antonia
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
López Díaz, María
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pita Grandal, Ana M^a
Pou Saracho, Juan María
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Rubio Armesto, Belén
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Graña Rodríguez, Ana María
Martínez Cobas, Xabier

PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula

ESTUDANTES:

Álvarez Moreira, Jose Ángel
Comesaña González, Brais

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPANA SÚA AUSENCIA:

Alba Castro, José Luis
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Grande Seara, Pablo
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Martínez Gómez, César Enrique
Vázquez García, Celia

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 10 de marzo de 2014, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **10 de marzo de 2014**, ás 10:00 horas, celebrouse a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2014.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2014/15.
4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) para o curso 2014/15.
5. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17.4 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
6. Aprobación, se procede, da capacidade docente do profesor David Posada González.
7. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar.
9. Aprobación, se procede, do modelo de Convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo de créditos ECTS.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Pau et des Pays de l'Adour – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica del Uruguay "Dámaso Antonio Larrañaga"* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica del Uruguay "Dámaso Antonio Larrañaga"* para o intercambio de estudantes.
11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2014.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor toma a palabra e di o que segue a continuación.

Informa que se nos fixo saber a través da CRUE que o Ministerio de Educación está elaborando un RD para establecer as equivalencias entre as titulacións actuais en España e as anteriores á implantación do EEES. Este procedemento será individualizado por título e non implicará o outorgamento de novos títulos senón equivalencias a efectos de asimilación. Que o pasado 5 de marzo publicouse un decreto referido ás titulacións actuais que establece equivalencias con máster para títulos de grao con polo menos 300 ECTS. Seguimos á espera do decreto que estableza as equivalencias cos títulos anteriores.

Remata dicindo que se está a debater un borrador do decreto que desenvolve a LOMCE para o acceso á Universidade. Hoxe está en Madrid o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade nunha xuntanza ao respecto. O ministro pretende levalo ao Consello de Universidades do día 20 de marzo e posteriormente ao Consello de Ministros.

A continuación dá a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para dar conta da liquidación do Orzamento da Universidade de Vigo do Exercicio 2013. Informa que o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo modifica algúns apartados da *Ley Orgánica de Universidades*, entre eles o apartado 5 do artigo 81. Entre as novidades máis salientables o vicerreitor destaca as seguintes:

- As universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.
- No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido.
- A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas en caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.

O vicerreitor expón que a Universidade de Vigo, en cumprimento do indicado, presentou perante a Comisión Económica do Consello Social a liquidación do seu orzamento do exercicio 2013 acompañado da Carta de Avance do Informe de Auditoría, elaborados pola empresa de auditoría contratada polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Engade que os datos máis salientables da liquidación presentada son os seguintes:

a) Acádase un aforro bruto orzamentario positivo de 10.371.000 €.

b) Acádase un superávit orzamentario de 11.243.000 € nas operacións non financeiras.

O resultado do exercicio é extraordinario e excepcional debido aos seguintes aspectos:

a) No referido aos ingresos polo cumprimento por riba das expectativas do inicialmente estimado. A máis de TACTICA acadáronse proxectos como o HEMMS e outros.

b) No referido aos gastos pola non execución de accións previstas (ritmo de execución do CINBIO, do CAMPUS do MAR), pero sobre todo pola imposibilidade de executar nin un euro dos proxectos antes mencionados dada a data na que se obtivo a súa concesión (15 de decembro no caso de TACTICA).

O vicerreitor de Economía expón que isto terá o seu efecto en anos posteriores, xa que estamos a acumular ingresos en exercicio corrente que teñen que executarse en exercicios posteriores, polo que dende o punto de vista da liquidación do orzamento, será difícil volver a presentar unhas cifras como as actuais.

c) Queda por determinar o saldo final SEC, unha vez que se fagan os axustes e personificacións de contabilidade nacional, pero que en calquera caso, será altamente positivo. Convén recordar que é en base a este saldo SEC polo que somos avaliados pola Xunta de Galicia. Debido ao resultado positivo de 2012, a Universidade de Vigo é a única do SUG que non está suxeita a un plan de sustentabilidade.

d) A Universidade de Vigo non ten débedas con ningunha entidade financeira.

Posteriormente, consonte establece a restante normativa orzamentaria de aplicación, seguindo os procedementos habituais, a Universidade terá que presentar perante a Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño, a Conta Anual do exercicio 2012, unha vez aprobada polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

A Conta Anual, a diferenza da Liquidación do Orzamento incorpora os datos relativos a contabilidade financeira, os datos patrimoniais e os datos das sociedades participadas.

Punto 3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que somete a aprobación do Consello de Goberno as propostas de límites de prazas para o curso 2014/15 nas titulacións de grao aprobadas nos diferentes centros da universidade. Estas propostas foron informadas favorablemente pola COAP, que tamén emitiu informe favorable sobre as propostas de límites de prazas por traslados. A vicerreitora indica que os cambios con respecto ao presente curso son os seguintes:

Propónse un descenso de prazas en tres dos seis graos que oferta a Escola de Enxeñaría Industrial: Electrónica Industrial e Automática pasa de 100 a 90; Tecnoloxías Industriais de 120 a 110; e Mecánica de 170 a 150.

Debido á posta en marcha do programa de simultaneidade ADE-Dereito (40 prazas no Campus de Vigo e 20 prazas no Campus de Ourense), as prazas de ADE pasan de 110 a 100 en Ourense e de 240 a 210 en Vigo e as prazas de Dereito pasan de 60 a 50 en Ourense e de 80 a 70 en Vigo.

O número de prazas en Ciencias da Linguaxe (grao que xurde da transformación de grao en Estudos de Galego e Español) será de 60 (das que 10 terán carácter semipresencial).

Na Escola de Enfermería de POVISA (centro adscrito) o número de prazas pasa de 60 a 70.

Queda sen fixar o número de prazas do Grao en Enxeñaría Mecánica que se oferta no Centro Universitario da Defensa de Marín (centro adscrito), por estar pendente das indicacións do Ministerio de Defensa.

En canto ao Grao en Enxeñaría Física, tendo en conta que esta titulación está en proceso de verificación e pendente de autorización de implantación, propónse un número de prazas de novo ingreso de 45, tal como se indica na memoria aprobada en Consello de Goberno e remitida á Consellería de Educación.

Apróbase por asentimento a proposta de límite de prazas para o curso 2014/15 (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) para o curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen indica que a distribución de horas e grupos para cada titulación de grao foi elaborada de acordo coa normativa aprobada en Consello de Goberno. As propostas dos centros relativas á distribución de horas asignadas a cada titulación foron informadas favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento a proposta de encargo docente para as titulacións de grao.

No caso do Grao en Enxeñaría Física, unha vez analizada a situación dos departamentos implicados no primeiro curso do grao (segundo figura na memoria aprobada pola Xunta de Titulación) e consultados os mesmos, a vicerreitora propón delegar na COAP a toma de acordo sobre o encargo docente para o curso 2014/15, en previsión de que a titulación sexa verificada na ACSUG e se teña a autorización de implantación por parte da Consellería de Educación.

Apróbase a proposta por asentimento.

No referente ao encargo de materias a departamentos, a vicerreitora explica que foron analizados e informados favorablemente pola COAP os cambios de encargo con respecto ao curso anterior, agás o seguinte:

Na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no campus de Pontevedra, a Xunta de Centro aprobou o cambio de encargo da materia Anatomía e Kinesiología Humana, de primeiro curso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Dende a implantación desta titulación, esta materia tivo un encargo compartido entre os departamentos C01 (Biología Funcional e Ciencias da Saúde) e X05 (Didácticas Especiais). O centro propón que no curso 2014/15 sexa o departamento X05 o que imparta a totalidade da docencia. Fundamenta a decisión nas queixas recibidas pola docencia impartida nesa materia polo profesorado da área de Anatomía e Embriología Humana, do departamento C01. Coñecida a proposta do centro, o departamento C01 reclamou esta decisión e incluso solicitou que sexa este departamento, do que forma parte a área de Anatomía e Embriología Humana, o que se encargue de toda a docencia da materia.

A COAP analizou a documentación sobre este tema e considera que non hai razóns académicas que fundamenten o cambio de encargo, polo que propón que non varíe o encargo actual, segundo o cal a materia se reparte entre os departamentos C01 e X05.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP de non variar o encargo da materia Anatomía e Kinesiología Humana, no curso 2014/15.

Intervén Bienvenido Díez para sinalar que as causas non académicas que se formulan no documento enviado á COAP non son obxecto desa comisión e que deberían ser levadas á mesa de negociación sindical de PDI en todo caso.

En canto ás titulacións de máster, as comisións académicas elaboraron a PDA de acordo cos criterios aprobados polo Consello de Goberno. Con respecto á documentación dispoñible, está pendente o PDA de 25 másteres. A vicerreitora propón aprobar a PDA dos másteres que xa teñen completada a PDA e delegar na Comisión de Estudos de Posgrao a aprobación dos que están pendentes a data de hoxe.

Apróbase a proposta por asentimento.

Intervén o Sr. Álvarez Moreira para facer consideracións sobre o número de alumnos (mínimo e máximo) que debía ter un grupo (teórico ou práctico) independentemente da titulación.

Punto 5. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17.4 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón que se trata de autorizar a solicitude de excedencia ao amparo do art. 17.4 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, solicitada polo Prof. Xavier Labandeira Villot, catedrático do Departamento de Economía Aplicada.

A vicerreitora expón que o motivo é que lle foi ofrecida ao profesor Labandeira a posibilidade de asinar un acordo co Instituto Europeo de Florencia, polo que quedaría vinculado á devandita institución durante cinco meses por ano, dende o 1 de setembro de 2014 ata o 31 de agosto de 2017, desenvolvendo a súa labor investigadora dirixindo a unidade de política climática no centro Robert Schuman para estudos avanzados.

Indica que a solicitude ten informe favorable do departamento e da COAP e que os efectos da excedencia serían dende o día 1 de setembro de 2014.

Di ademais, que na documentación figura un documento asinado polo profesor Labandeira, no que se pon de manifesto o seu compromiso a deixar constancia de forma expresa da súa afiliación á Universidade de Vigo en todas as publicacións e demais resultados de difusión das actividades de investigación realizadas de forma individual ou con outros autores levadas a cabo durante o tempo no que estea vixente a excedencia.

A vicerreitora considera que esta proposta é moi positiva para a Universidade de Vigo

O reitor manifestou que o posto do profesor Xavier Labandeira na Unidade de Investigación sobre Política Climática é un recoñecemento ao nivel e visibilidade acadados pola Universidade de Vigo no ámbito da economía enerxética e ambiental, despois de anos de traballo e esforzo dun grupo amplo de profesionais. Rematou dicindo que é unha boa noticia que teñamos un referente internacional e que siga vinculado á Universidade de Vigo a través dun modelo de excedencia ao amparo do art. 17.4 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da capacidade docente do profesor David Posada González.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen indica que, recentemente, o catedrático de Xenética David Posada foi seleccionado para a concesión dunha Consolidator Grant, do *Consejo Europeo de Investigación* (ERC), polo proxecto PHYLOCANCER. A axuda ten un importe aproximado de dous millóns de euros e unha duración de 5 anos. Anteriormente, foi adxudicatario dunha axuda da modalidade Starting Grant, tamén do ERC, polo proxecto PHYGENOM, cun importe dun millón de euros e unha duración 5 anos (2008-2013).

Di que o ERC está considerado na actualidade como o mellor programa mundial de financiación de ciencia básica. Os beneficiarios das axudas son considerados como os mais excelentes e prometedores de Europa, e incluso gozan de recoñecemento fóra de Europa. Ademais, acoller a un beneficiario do ERC considérase factor de mérito en diferentes ránkings mundiais de universidades e centros de investigación.

A vicerreitora di que polas razón expostas, a dedicación docente do profesor Posada debería ter a consideración de intensificación investigadora de carácter excepcional, aprobada explicitamente polo Consello de Goberno, e propón que a súa capacidade docente para o curso 2014/15 sexa de 30 horas.

O reitor di que para a Universidade de Vigo é unha honra ter investigadores do nivel do profesor David Posada. O reitor cédelle a palabra ao profesor David Posada. Na súa intervención salientou a necesidade de contar coa redución docente, para poder afrontar un proxecto que esixe xustificar polo miúdo as actividades e o tempo que emprega o investigador. Agradece a decisión adoptada polo Consello de Goberno.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

O reitor cede a palabra ao xerente. Este explica o proceso seguido ata chegar a este punto:

- a) Proposta inicial e negociación cos axentes sociais, os cales, tanto o comité de Ourense, como o de Pontevedra, emiten informe. Engade que por erro na documentación remitida ao Consello de Goberno, non se aportou o documento final achegado polo Comité PAS Pontevedra, senón un documento inicial. Propón achegar o documento correcto para que figure na documentación do Consello de Goberno.
- b) Pedimento de autorización, consonte o Plan de Financiamento do SUG, á Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación, dependente da Consellaría de Facenda. Dita autorización obtívose sen incidencias, entre outros motivos polos resultados orzamentarios da Universidade, consonte o plano de reequilibrio económico-financeiro e o feito de que a Universidade non incorre en déficit aplicando o Sistema Europeo de Contas. Esta é a situación que permite que se poda formular con garantías esta proposta de consolidación dunha serie de postos de traballo.

Por outra banda, a modificación puntual formula unha reordenación dos recursos humanos, para dar un mellor servizo a Universidade en diferentes eidos: investigación, TIC's, Extensión, etc.. Por todo o cal, propón a aprobación da proposta.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén Carlos Mollinedo, quen manifesta que se debe ter en conta que o documento enviado á Xunta non é o mesmo que o que se facilitou aos membros do Consello de Goberno, que falta o documento dos representantes sindicais; que non se opón a que as prazas se aproben por imperativo legal, co compromiso de que se negocie unha nova RPT.

Intervén Federico Fernández sobre a consolidación de 8 prazas. Reflexiona sobre que as necesidades de reordenar as unidades non sexa a mesma que hai dez anos, pero que finalmente estarán dispostos a chegar a acordos.

O reitor remata este punto agradecendo a voa disposición dos representantes sindicais.

Apróbase por asentimento a modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e a delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala (**Anexo II**).

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen manifesta que o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que é competencia do Consello de Departamento a elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno. Engade que o artigo 39 dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.

Informa que a Facultade de Ciencias do Mar elaborou un novo regulamento para adaptalo á LOU. Antes da súa remisión a esta Secretaría Xeral, de acordo co establecido no artigo 46 dos Estatutos, foi aprobado pola Xunta de Facultade o día 5 e 17 de febreiro de 2014.

Que o texto do regulamento se adaptou ao informe de legalidade emitido pola Asesoría Xurídica, en consecuencia, e en cumprimento do establecido no artigo 39 dos Estatutos, a secretaria xeral somete o texto á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar (**Anexo III**).

Punto 9. Aprobación, se procede, do modelo de Convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo de créditos ECTS.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, para dicir que no último Consello de Goberno se aprobou o Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e cooperación. Que neste novo contexto legal esixe un novo convenio para facilitar o recoñecemento mutuo de créditos ECTS por devanditas actividades con outras institucións.

Apróbase por asentimento o modelo de Convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo de créditos ECTS (**Anexo IV**).

Punto 10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Pau et des Pays de l'Adour* para a obtención de dobre titulación: Grao en Comercio (Universidade de Vigo) e *Licence en Economie et Gestion (Université de Pau et des Pays de l'Adour)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica del Uruguay "Dámaso Antonio Larrañaga"* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica del Uruguay "Dámaso Antonio Larrañaga"* para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Javier Rodríguez Berrocal cos seguintes rogos:

Que, non habéndose incorporado os remanentes de proxectos de investigación, se hai unha previsión de que a curto prazo se resolva.

O xerente, atendendo a indicación do reitor, dá resposta ao profesor Berrocal, informando de que, como e coñecido polos membros do Consello de Goberno, a normativa e os procesos aos que estamos obrigados no eido da xestión económico-orzamentaria de universidade complexizáronse moito nos últimos anos, que pese a iso, foron quen de presentar a liquidación do orzamento 2013 perante o Consello Social antes da data límite establecida na norma (28 de febreiro da seguinte anualidade), e que a partires de aí se procedeu a iniciar o proceso de incorporación dos remanentes afectados. Di que pode que neste intre falte algún, pero o groso esta feito. Dado que sempre é factible que se cometa un erro, agradece que nun momento posterior se faciliten os datos concretos para facer unha análise e seguimento do acontecido. Engade, que do mesmo xeito e conforme o procedemento establecido, se procederá ás xeracións polos cheque de FEUGA aos que alude. Recorda que a estrutura administrativa da Universidade está a disposición da comunidade para atender e dar resposta a este tipo de solicitudes cando se presenten, e neste caso concreto lle consta que, tanto a Administradora como a Xefa de Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, teñen atendido os seus pedimentos.

Intervén a vicerreitora de Investigación para dicir que hai que ver o caso concreto, cita como exemplo que hai determinados proxectos de competitividade da Xunta que aínda están pendentes do informe favorable, pero que en todo caso hai que ver a partida concreta

Intervén de novo o Prof. Berrocal para preguntar se se resolveron os problemas que presentaba o programa soporte de produción científica. Respóndelle a vicerreitora de Investigación que están resoltos.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar polas incidencias aparecidas na prensa en relación ao “Máster Oficial Interuniversitario en Dirección Integrada de Proxectos”.

Respóndelle o reitor que é un máster interuniversitario que imparten a UVigo e a UDC, que aínda que non está presente o vicerreitor de Alumnado Docencia e Calidade, ten coñecemento de que se deron resposta ás reclamacións e que ademais se está recompilando información a través da comisión académica do máster para enviar a quen corresponda.

Intervén de novo o Prof. Armando Caballero para solicitar a máxima transparencia na incorporación de grupos de investigación ao CITEXVI. Tamén pregunta polo destino dos espazos que quedan libres nos centros con motivo do seu traslado a dito edificio.

Responde a vicerreitora de Investigación, informando que tivo lugar recentemente unha reunión entre a decana da Facultade de Ciencias do Mar, os decanos das facultades de Química e de Bioloxía, o vicerreitor de Economía e Planificación e ela mesma, na que se tratou este tema, precisamente co obxecto de que o proceso de redistribución de espazos de investigación no Edificio de Ciencias Experimentais se faga de modo óptimo e coa máxima transparencia.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar polo caso dunha compañeira investigadora que non puido obter a firma preceptiva de proxecto de investigación, debido a que as bases da convocatoria impoñían uns custes indirectos dun 5%.

Responde a vicerreitora de Investigación que se informará sobre os detalles do caso concreto, pero que normalmente se estudan as condicións marcadas polas diversas convocatorias de proxectos de investigación, e se autorizan as solicitudes en todos aqueles casos nos que isto contribúa ao progreso da Universidade.

Intervén o reitor para dicir que hai que chegar ao caso concreto da investigadora, que se pedirá explicación ao vicerreitor de Transferencia, dado que non está presente, que hai un problema de definición, que estamos atados pola normativa que marca un 10% e aí vén o problema. Detectada esta cuestión, hai que arranxar a cualificación de axudas para proxectos de investigación, flexibilización de contrapartidas para que o custe indirecto non sexa unha limitación para as investigacións público-privadas.

Intervén a Prof^a Ana Pita para preguntar que, segundo ás últimas informacións da ACSUG, se se abrirá unha nova convocatoria para solicitar os complementos de excelencia. Di que os profesores e profesoras que os tiñan recoñecidos viron como se anulaban ou reduciron; pregunta ao reitor se sabe que sucederá a partir da nova convocatoria.

Responde o reitor que a opinión dos responsables da ACSUG é unha consigna para non ter responsabilidade, que non o vai aceptar; que o lóxico e o que debe ser é recuperar os niveis de 2012, que non debería proseguir a rebaixa salarial. Que, en todo caso, a dotación destes novos complementos non se fará ata o ano 2015. Respóndelle a Prof^a Ana Pita preguntándolle se sabe se a convocatoria sae no 2014. O reitor responde que é unha decisión do goberno galego.

Intervén Álvarez Moreira para facer as preguntas que constan no **Anexo V**, e que se refiren sinteticamente a:

- Prazo de presentación de emendas aos Regulamentos de Avaliación e Estudantes.
- Preguntas sobre o Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e cooperación aprobado na pasada sesión de Consello de Goberno.
- Sobre o artigo 87.c dos Estatutos da Universidade de Vigo e o seu impacto na concesión de trienios e quinquenios.
- Sobre a aprobación do calendario escolar do curso 2014-2015.
- Que se concreten os motivos polos que o correo electrónico da Universidade tarda tanto en distribuír os email enviados desde e a direccións da propia universidade.
- Sobre as peticións de cambio de asignación motivado por reclamacións dos estudantes sobre problemas con parte do PDI.

Intervén a Prof^a Mercés Suárez, quen fai os seguintes rogos: que o Claustro recupere as competencias que perdeu durante proceso de implantación de Bolonia. Continúa facendo valoracións sobre o reparto da docencia; di que aínda que a asignación da docencia se atribúe a áreas, estas competencias logo son asumidas polos departamentos nun escenario de ausencia de normativas claras.

Responde o reitor que a solución aos problemas que indica a Profª Mercedes Suárez abordaranse na elaboración dun futuro regulamento de departamentos e centros.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 10 de marzo de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

Mª. Inmaculada Valeije Álvarez